

ACTO I

I.1

ESCENA 1

Entran Orlando e Adán.

ORLANDO

Lembro, Adán, que foi así como me legou no seu testamento unhas míseras mil coroas e, tal como dis, meu irmán recibiu, coa beizón, o encargo de educarme. E aí radica o meu desacougo. Dá estudos a meu irmán Xacobe, e os informes loan o seu aproveitamento, mentres que a min me deixa a monte. Ou, falando con máis propiedade, tenme na casa sen educar. Pódese chamar educación digna dun cabaleiro da miña liñaxe isto, que non se diferenza de manter un boi na corte? Mellor criados están os seus cabalos pois, amais de lustrosos polo penso, son adestrados por xinetes moi ben pagados. Pero eu, seu irmán, nada gaño con el agás o crecemento, polo que teño tanto que lle agradecer como os animais das súas esterqueiras. Faime comer coa servidume, négame o posto de irmán e fai todo o posible, con esta educación, por rebaixar a miña condición. Isto é, Adán, o que me magoa e o espírito de meu pai, que creo que vive en min, comeza a sublevarse contra esta escravitude. Non o aturarei máis tempo, aínda que non vexo maneira prudente de evitalo.

Entra Oliverio.

ADÁN

Velaí vén o amo, voso irmán.

ORLANDO

Afástate e verás como me trata.

OLIVERIO

E ben, señor, que facedes aquí?

ORLANDO

Nada, porque nada me ensinan a facer.

OLIVERIO

Qué estades a desfacer, entón, señor?

ORLANDO

Axúdvos, señor, coa miña ociosidade a desfacer o que Deus fixo: este pobre e indigno irmán voso.

OLIVERIO

Facede algo de proveito, e fóra de aquí!

ORLANDO

Queredes que garde os vosos porcos e coma mondas con eles? Tan pródigo fun como para verme nesta miseria?

OLIVERIO

Sabedes onde estades, señor?

ORLANDO

Si, señor, moi ben: no voso xardín.

OLIVERIO

E sabedes ante quen, señor?

ORLANDO

Sei, mellor ca quen teño diante de min sabe quen son eu. Sei que sodes o meu irmán máis vello e que deberíades recoñecerme como do voso mesmo sangue. O costume outórgavos superioridade sobre min por ser o primoxénito, pero esa mesma tradición non me priva do meu sangue aínda que houbese vinte irmáns entre nós os dous. Teño tanto do noso pai coma vós, aínda que confeso que por terdes nacido primeiro vos aproximades á súa dignidade.

OLIVERIO (*ameazándoo*)

Babiolo!

ORLANDO (*cólleo polo pescozo*)

Veña, veña, irmán maior, que sodes moi neno para isto.

OLIVERIO

Posme as mans encima, ti, vilán?

ORLANDO

Non son un vilán. Son o fillo máis novo de don Roldan de Boys. El foi meu pai e tres veces vilán quen diga que tal pai xerou viláns. Se non foses meu irmán non soltaría esta man da túa gorxa ata que esta outra te arrincase a lingua por dicir o que dixeches. A ti mesmo te aldraxas.

ADÁN (*adiántase*)

Acougade, queridos amos. Pola memoria do voso pai, haxa paz.

OLIVERIO

Sóltame.

ORLANDO

Cando eu queira. Vas escoitarme. Meu pai dispuxo no seu testamento que me deses unha boa educación. Ti adéstrasme como a un gañán, ocultándome e escamoteándome as formas e maneiras propias dun cabaleiro. O espírito de meu pai fortalécese en min, e non o aturo máis. Polo tanto, proporcióname a educación que corresponde a un cabaleiro ou ben dáme a mísera cantidade que meu pai me deixou no testamento e irei buscar a vida.

Solta a Oliverio.

OLIVERIO

E que farás despois? Mendigar, unha vez gastada? Moi ben, entra. Xa non me preocuparei máis por ti. Terás a parte que queres. E agora, por favor, déixame.

ORLANDO

Non te importunarei máis, fóra do que atinxa aos meus dereitos.

OLIVERIO

E ti vai con el, can sarnoso.

ADÁN

Can sarnoso? Esa é a miña recompensa? Moi certo: perdín os dentes ao voso servizo. Deus bendiga o antigo amo: el nunca diría esas palabras.

Saen Orlando e Adán.

OLIVERIO

Nesas andamos? Empezas a revirarte contra min? Eu curarei a túa insolencia e non che darei as mil coroas. Ei, Denís!

Entra Denís.

DENÍS

Chamabades, señoría?

OLIVERIO

Non quería falar comigo Carlos, o loitador do duque?

DENÍS

Coa vosa licenza, agarda na porta e solicita que o recibades.

OLIVERIO

Que pase.

Sae Denís.

Será unha boa maneira, e mañá é a loita.

Entra Carlos.

CARLOS

Bo día teña a vosa señoría.

OLIVERIO

Meu querido *Monsieur* Carlos, Que novas hai na nova corte?

CARLOS

Na corte, señor, as únicas novas que hai son vellas: que o vello duque está desterrado polo seu irmán máis novo, o novo duque, e que tres ou catro fieis o acompañan voluntariamente ao desterro e que as súas terras e rendas enriquecen o novo duque; de aí que os deixe marchar.

OLIVERIO

Sabes se Rosalinda, a filla do duque, vai desterrada con seu pai?

CARLOS

Non vai, porque a súa prima, a filla do novo duque, quérea tanto, pois criáronse xuntas desde o berce, que ou vai con ela ao desterro ou morre se queda soa. Está na corte e o seu tío quérea como a súa propia filla. Nunca unhas damas se quixeron tanto como elas dúas.

OLIVERIO

Onde vai vivir o antigo duque?

CARLOS

Disque xa está no Bosque de Arden, en compañía de moitos beatíficos cabaleiros e que alí viven como Robín Hood de Inglaterra. E disque todos os días se unen a el bandadas de mozos nobres e que alí pasan o tempo despreocupadamente, tal como facían na Idade de Ouro.

OLIVERIO

Dime, loitas mañá diante do novo duque?

CARLOS

Loito, si, señor. E viña informaros dun asunto. Déronme a entender secretamente, señor, que voso irmán, Orlando, tiña a intención de se presentar disfrazado a medir as súas forzas comigo. Señor, mañá está en xogo o meu prestixio e quen saía das miñas mans sen un óso roto ha ter que loitar moi ben. Voso irmán é moi novo e inmaturo e, por vós, lamentaría ter que tombalo, por mor da miña propia honra, se se presenta. Xa que logo,

polo afecto que vos profeso, vin para dicirvos que o disuadades do seu propósito ou ben que soportedes o desastre ao que vai, xa que é algo que el mesmo busca e totalmente en contra da miña vontade.

OLIVERIO

Agradézoche, Carlos, a túa estima e, non o dubides, recompensareicha como é debido. Eu xa estaba avisado da intención de meu irmán e discretamente tratei de disuadilo, pero el está decidido. Direiche unha cousa, Carlos: é o mozo máis teimudo de Francia; está cheo de ambición, de envexa das virtudes alleas, é un secreto e pérfido conspirador contra min, o seu propio irmán. Segue, pois, o teu criterio: tanto me dá se lle rompes o pescozo ou un dedo. Pero vai con coidado porque se o feres o máis mínimo ou non gaña fama a túa costa, atentarán contra ti con veneno, atraparate con algunha argucia traizoeira e non te deixará ata quitarche a vida dun xeito ou doutro. Asegúroche, e dígoo case con bágoas, que non hai no mundo ninguén que sendo tan novo sexa tan ruín. Falo del coma un irmán. Se che describise polo miúdo tal como é, eu ruborizaríame e choraría e ti pali-decerías e espantaríaste.

CARLOS

Alégrome moito de ter vido. Se se presenta mañá, dareille o seu merecido. Se volve camiñar polo seu pé, nunca máis volvo competir. Que Deus garde á vosa señoría.

Sae.

OLIVERIO

Adeus, querido Carlos. E agora, a encirrar o atleta. Espero ver o seu final, pois a miña alma, e non sei por que, ódiao máis ca nada. E sen embargo, é xentil; sen estudos, pero culto; cheo de nobres pensamentos, enfeitiza a todos; e quéreo tanto todo o mundo, especialmen-

te a miña propia xente, que son quen mellor o coñecen, que eu me sinto menosprezado. Pero non será por moito tempo. O loitador vai resolvelo. Só resta incitar o mozo a que vaia, cousa que vou facer agora mesmo.

Sae.

I.2

ESCENA 2

Entran Rosalinda e Celia.

CELIA

Por favor, Rosalinda, querida prima, alégrate.

ROSALINDA

Querida Celia, mostro máis alegría da que teño e oxalá aínda máis alegre estiveses ti. Se non podes aprenderme a esquecer un pai desterrado, non pretendas ensinarme a recordar ningún momento de felicidade.

CELIA

Vexo que non me queres tanto coma eu a ti. Se meu tío, teu pai desterrado, houbese desterrado a teu tío, meu pai o duque, e ti quedases comigo, eu ensinaría ao meu corazón a aceptar a teu pai como meu. O mesmo farías ti se o teu amor por min fose tan forte e auténtico como o meu por ti.

ROSALINDA

Entón esquecerei a miña situación e alegrareime coa túa.

CELIA

Sabes que son filla única, e non é probable que meu pai teña máis fillos, e cando el morra ti serás a única herdeira: pois o que lle quitou a teu pai pola forza eu cho devolverei por afecto. Xúrocho pola miña honra. E se